

BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA CUBRIR  
UN POSTO DE AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL  
NA FUNDACIÓN CULTURAL DA ESTRADA

PRIMEIRA: OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto da convocatoria é a contratación dun Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, quedando adscrito á Fundación Cultural da Estrada mediante contrato por Obra e Servizo determinado por un período dun ano.

O posto rexerá polo establecido nas bases da subvención para a contratación de Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local da Orde do 4 de outubro de 2013. A xornada de traballo será de 40 horas efectivas semanais.

RETRIBUCIÓN:

O importe da partida orzamentaria para a contratación obxecto destas bases é a que segue:

- (SB+SS) 23.966,55€, subvencionado nunha porcentaxe do 29,54% pola Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia e o 70,46% con fondos propios.

FUNCÍONS:

- Orientación laboral e oportunidade emprego
- Implantación de políticas activas de emprego en base ás novas tecnoloxías
- Identificación de novas actividades económicas e posibles emprendedores
- Tramitación de axudas para a contratación de desempregados
  - o Programas de Cooperación
  - o Plans formativos AFD e alfabetización dixital
  - o Cooperativismo e asociacionismo
  - o Inserción prácticas

A relación de funcións non é exhaustiva, xa que corresponderá ó presente posto de traballo, en xeral, todas aquelas que na liña das descritas e similares a elas, sexan precisas para a boa marcha do desenvolvemento local de emprego.

O proceso de selección efectuarase mediante valoración de currículum vitae, proba escrita e entrevista persoal ó/á candidato/a.

#### SEGUNDA: CONDICIONS DOS ASPIRANTES.

Os/as aspirantes foron seleccionados mediante oferta pública a oficina de emprego, segundo as bases da mencionada subvención da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, para a contratación dun Axente de Emprego e Desenvolvemento Local.

#### TERCEIRA: COMISION DE SELECCION.

A Comisión de Selección estará formada polos seguintes membros :

- Como Presidenta a Tesoureira da Fundación Cultural da Estrada ou quen legalmente a substitúa.
- A Secretaria da Fundación Cultural da Estrada, que actuará como secretaria da Comisión, ou que legalmente a substitúa.
- 2 Xerentes doutras actividades na Fundación Cultural da Estrada, ou quen legalmente os substitúan.
- 1 traballador do Concello ou quen legalmente o substitúa.

As decisións da Comisión de Selección adoptaranse por maioría, xa sexan puntuación ou interpretacións. O Presidente terá voto de calidade en caso de empate.

Así mesmo, contra as resolucións e autos ditados pola Comisión de Selección e os seus autos de trámite que impidan continuar o procedemento ou produzan indefensión, poderá interpoñerse recurso ante o Presidente da Fundación Cultural da Estrada.

#### CUARTA: FASES DAS PROBAS AVALIABLES.

A : Valoración do Currículum

##### EXPERIENCIA LABORAL (puntuación máxima 2 puntos)

- Por cada mes traballado nunha Administración Pública realizando funcións similares ás descritas para o posto: 0,10 puntos.

Xuntarase Vida Laboral.

##### MÉRITOS FORMATIVOS(puntuación máxima 0,50 puntos)

- Cursos de formación, perfeccionamento ou asistencia a seminarios que garden relación directa coas funcións do posto ofertado e teñan recoñecemento oficial, cun máximo de 0,50 puntos e conforme co seguinte baremo:
  - o Por cada curso ou seminario de formación igual ou superior a 20 horas: 0,05 puntos.
  - o Por cada curso de formación igual ou superior a 75 horas: 0,25 puntos.

OUTROS MÉRITOS: (puntuación máxima: 1,50 puntos)

- Celga 4 ou equivalente: 0,30 puntos
- Demandante de emprego durante os dous últimos anos: 0,05 puntos por mes completo

B: Proba escrita (puntuación máxima 10 puntos)

A Comisión de selección convocará aos/as aspirantes para a realización dunha proba escrita de coñecementos sobre as materias referidas ás funcións que correspondan, detalladas na base primeira da presente convocatoria.

C: Entrevista Persoal (puntuación máxima 10 puntos)

A fase de entrevista persoal poderá efectuarse mediante preguntas formuladas pola Comisión de Selección en relación co perfil do/a candidato/a e o posto de traballo a desempeñar.

QUINTA: NORMAS DE XESTIÓN DAS CUALIFICACIONES, PUBLICACION E CONTRATACIÓN

Se ó remate do proceso existira un empate entre dous ou mais aspirantes, a Comisión de Selección poderá efectuar, previo coñecemento dos aspirantes, cantas probas relacionadas co posto de traballo a desempeñar para poder establecer a puntuación final.

As cualificacións faranse públicas o mesmo día no que se acorden, expoñéndose no taboleiro de anuncios da Fundación Cultural da Estrada e na dirección de Internet <http://www.fundacioncultural.aestrada.com>, o que servirá de notificación válida aos/ás interesados/as.

SEXTA: RECURSOS

O Tribunal deste proceso selectivo queda facultado para a interpretación das bases, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias prantexe a súa aplicación, a cuxo efecto poderá adopta-los acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

O Presidente da Fundación Cultural da Estrada

D. José Carlos López Campos